

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS.

A explotación da cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro, supón a asunción polo adxudicatario ademais das obrigas establecidas na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares, as seguintes obrigacións, nas condicións que se determinan neste prego:

- A prestación e explotación dos servizos propios dun espazo destinado a cafetería.
- A limpeza xeral da maquinaria, instalacións, dependencias de cociña, almacén e cafetería.

CONDICIÓNS XERAIS DA EXPLOTACIÓN

- O cumprimento fiel e exacto dos termos do contrato, vindo obrigado o contratista a desenvolver a actividade de acordo coa normativa vixente e respetando todas as condicións técnicas, sanitarias, etc. establecidas nas disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación-
- O adxudicatario virá obrigado a manter os espazos adxudicados nas debidas condicións de seguridade, limpeza e estética.
- Deberá adquirir os bens perecedoiros e subministrados de calidade idóneas para unha explotación da súa categoría, e o mantemento de stocks e materias de reposición que garantan o adecuado servizo de cafetería.
- O adxudicatario permitirá a inspección por parte dos técnicos municipais das instalacións obxecto do presente contrato, proporcionando toda a información necesaria para facilitar ditas inspeccións.
- Os elementos instalados con motivo das reformas que poidan realizar, sempre previa autorización municipal, revertirán ao Concello unha vez finalizado o contrato.
- O adxudicatario asumirá a súa costa a provisión de todo o enxoval (tazas, vasos, pratos, cubertos, etc.), así como as compras de alimentos, bebidas, etc. necesarias para a prestación do servizo.
- O adxudicatario comprométese ao emprego do galego en toda a carta de bebidas e comidas, así como o resto de cartelería informativa do local, e na atención ao público, debendo cumprir a ordenanza de impulso do galego do Concello de Ames.
- O adxudicatario non poderá realizar ningún tipo de obra ou instalación sen a preceptiva autorización municipal, obrigándose a conservar o local, instalacións, equipamento e mobiliario, comprometéndose á reparación ou substitución da maquinaria (cafeteira, neveiras, televisión, etc.) e elementos que resulten danados ou avariados.
- O adxudicatario virá obrigado a aplicar os prezos máximo que se indican no anexo do presente prego, non podendo incrementar os mesmos.
- O contratista terá a disposición dos usuarios o modelo de folla oficial de reclamacións, foliado, selado e autorizado, cuxa existencia anunciárase en lugar facilmente visible polos mesmos, quedando obrigado a dar conta ao Concello, dentro das vinte e catro horas seguintes, de cada reclamación que se consigne na mesma.
- A satisfacer ao concello o canon na forma prevista na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares.

HORARIO: O adxudicatario deberá comprometerse a manter a cafetería aberta e en funcionamento no seguinte horario:

Luns a Venres: 09:00 a 22:30 horas.

Sábado: 09:00 a 14:00 horas.

O adxudicatario tamén terá a obriga de manter aberta a cafetería fóra do horario establecido anteriormente, cando o Concello así llo indique, con motivo da realización na Casa de Cultura ou nas súas inmediacións de calquera actividade que o Concello ou un terceiro organice, e se considere conveniente que a cafetería permaneza aberta para servizo do público asistente, ata un máximo de 9 xornadas ao ano.

Así mesmo, e previa petición do adxudicatario e pertinente autorización do Concello, tamén se poderá permitir a apertura da cafetería fóra dos horarios ou xornadas anteriormente establecidos como obrigatorios.